



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a proposta formulada pola Teniente de Alcalde e Concelleira de Servicios Sociais, Igualdade , Turismo e Atención ao veciño en data 09 de xuño de 20201, pola que se propón a concesión directa de subvención á Asociación Educando en Familia , con CIF G27437581 por importe de 1.000,00 euros, polos servizos de orientación familiar individual, orientación grupal, mediación familiar e colaboración e coordinación cos profesionais dos distintas institucións, establecendo unhas pautas axeitadas para fortalecer e fomentar actitudes de -información-educativas-formativas-preventivas-apoio-orientación-mediación-axuda persoal e emocional, entre outros.

Segundo se indica , as actividades realízanse nunha das aulas do IES Alfoz-Valadouro, cunha periodicidade quincenal para un total de 9 nenos e nenas e, polo tanto, 9 familias de menores de 3 anos, de maneira conxunta coas familias participantes do veciño Concello do Valadouro, durante todo o curso escolar de setembro a xuño. Estes horarios ampliáanse e complementáanse con outras actividades que se ofrecen ao longo do curso (charlas, visitas, festa, excursións....).

Visto que, dentro do Plan Estratéxico de Subvencións deste Concello 2017/2019 está prevista a liña 2: SUBVENCIONES EN MATERIA DE FOMENTO DA ACCION SOCIAL, EMERXENCIA SOCIAL, FOMENTO DA NATALIDADE, O ACCESO Á EDUCACION E PROTECCION DAS FAMILIAS.

Visto o establecido no artigo 22.2.c da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións:

Artículo 22. Procedimientos de concesión.

2. Podrán concederse de forma directa las siguientes subvenciones:

c) Con carácter excepcional, aquellas otras subvenciones en que se acrediten razones de interés público, social, económico o humanitario, u otras debidamente justificadas que dificulten su convocatoria pública.

Vista a memoria xustificativa da proposta de concesión de subvención no que se indica que :





“ O carácter singular dos motivos que xustifican a subvención directa é que os servizos desenvolto pola Asociación non son prestados no Concello por ningunha entidade pública ou privada e porque entran directamente en contacto co benestar dos menores do municipio, o que xustifica o impedimento de convocatoria pública .

Enténdese que queda acreditado o interese social da actividade levada a cabo pola Asociación Educando en familia e a súa vinculación cos intereses públicos municipais.”

Visto o expediente 200/2021 tramitado, no que consta , entre outros informe de fiscalización de carácter positivo.

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co artigo 21.1 f) da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 24 da Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Alfoz, (excepción ao procedemento por identificación do beneficiario),

RESOLVO

PRIMEIRO. Outorgar a subvención directa para a actuación PROGRAMA EDUCANDO EN FAMILIA (SEPTEMBRO 2020- XUÑO 2021) aos seguintes beneficiarios polas cantidades que se indican:

Nome da entidade	Importe
Asociación Educando en familia	1.000,00

SEGUNDO: A presente subvención concédese de acordo coas seguintes prescripcions vinculantes:

- 1) Créditos orzamentarios: 2311 .480
- 2) Obxecto: Desenrrolo do Programa Educando en Familia 2020/2021 , impulsado dende a Concelleria de Servizos Sociais.
- 3) Obxectivos:
 1. Desenvolver o potencial educativo dos adultos, transmitíndolles sensacións de competencia e protagonismo na educación dos seus fillos.
 2. Asesorar as familias dende o





principio para que poidan dar resposta as necesidades dos seus fillos. 3. Comprender e sentir que o rol de pais necesita unha formación permanente. 4. Favorecer que os pais poidan estar atentos as etapas evolutivas polas que vai pasando os seus fillos e así poder abordalas con seguridade. 5. Facilitar que reflexionen sobre as propias actuacións educativas co fin de reforzalas e melloralas. 6. Proporcionar ferramentas que favorezan unha boa comunicación dende a escoita, comprensión, respecto e amor polos fillos. 7. Mellorar e aportar seguridade na intervención educativa da familia mediante a posibilidade de asesoramento e formación. 8. Compartir experiencias educativas diversificadas. 9. Compartir con outras familias os propios coñecementos adquiridos coa experiencia e a reflexión. 10. Aprender das experiencias e reflexións educativas doutras familias. 11. Dar resposta as necesidades tanto dos nenos como dos pais, xa que estes beneficiaranse ó compartir actividades cos seus fillos aportándolles seguridade nas súas acción, favorecendo o establecemento dun importante vínculo de apego. 12. Coordinación e colaboración coas distintas institucións e profesionais da comunidade onde imos a incidir. 13. Autoformación dos profesionais implicados no proxecto. 14. Coordinación e planificación das distintas actividades

4) Contido da actuación subvencionada:

a. Servicio de orientación familiar individual. b. Servicio de orientación grupal. c. Servicio de mediación familiar. d. Colaboración e coordinación cos profesionais dos distintas institucións, establecendo unhas pautas axeitadas para fortalecer e fomentar actitudes de -información-educativas-formativas-preventivas-apoio-orientación-mediación-axuda persoal e emocional. e. Xuntanzas de formación con presenza de profesionais que traballen no ámbito social educativo e sanitario. f. Coordinación das profesionais do equipo educativo para a posta en común, planificación, intercambio de experiencias, organización e avaliación do traballo realizado.

5) Beneficiarios e modalidade de axuda.

As actividades realízanse nunha das aulas do IES Alfoz-Valadouro, cunha periodicidade quincenal para un total de 9 nenos e nenas e, polo tanto, 9 familias de menores de 3 anos, de maneira conxunta coas familias participantes do veciño Concello do Valadouro, durante todo o curso escolar 2019/2020 , de setembro a xuño. Estes horarios ampliáanse e complementáanse con outras actividades que se ofrecen ao longo





do curso (charlas, visitas, festa, excursións....).

Axuda directa de carácter singular porque os servizos desenvolto pola Asociación non son prestados no Concello por ningunha entidade pública ou privada e porque entran directamente en contacto co benestar dos menores do municipio, o que xustifica o impedimento de convocatoria pública.

4) Requisitos que deben reunir os beneficiarios para acceder á subvención e forma de acreditarlos.

4.1. Presentación de copia dos Estatutos da Asociación, cun obxecto social acorde co proxecto presentado

4.2. Certificados acreditativos de estar ao corrente coa Axencia Tributaria, Administración tributaria Autonómica e Seguridade Social.

4.3. Certificado expedido polo/a Secretario/a da Asociación, acreditativo do Acordo adoptado polo Órgano de Goberno, aceptando a subvención.

4.5. Programas detallados e orzamento desglosado das actividades realizadas. Memoria xustificativa.

4.6. En caso de adquisición de materiais, deberase achegar a factura detallada do mesmo, en caso de costes de persoal, achegará copias dos contratos , nóminas e Seguridade Social (Tc), así como xustificantes do seu abono.

4.7 Certificado de cumprimento da finalidade.

4.8. Certificación bancaria da conta na que se fará o ingreso da axuda concedida.

4.9. Declaración doutras axudas.

5) Indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.

Técnico de Xestión. Alcaldía.

6) Prazo e lugar de presentación da documentación.

A documentación xustificativa presentaráse no Rexistro electrónico do Concello de Alfoz antes do día 30 de agosto de 2020.

7) Gastos subvencionables e prazo para a súa realización.

Consideraránse gastos subvencionables:





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

- Os costes en adquisición de material para o desenvolvemento das actividades

- OS costes do persoal técnico : salariais e de seguridade social.

8) Posibilidade ou non de subcontratación da actividade subvencionada.

Non se admite a subcontratación da actividade polo carácter excepcional de interese público das actuacións desenvoltas por una entidade sen ánimo de lucro.

9) Non se prevé a posibilidade de efectuar pagamentos á conta e pagamentos anticipados.

10) A presente subvención é compatible con calesqueira outras obtidas de Administracions Públicas, ata o importe total do coste.

TERCEIRO. Notificar aos interesados o outorgamento da concesión da subvención, con indicación de que o presente acordo pón fin á vía administrativa , e contra o mesmo poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante a Alcaldía do Concello de Alfoz no prazo de un mes, ou ben recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses.

CUARTO. Fornecer a información sobre a concesión á Base de Datos Nacional de Subvencions.

En Alfoz, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde-Presidente. Asdo. Jorge Val Diaz.

